



Ola a todos e todas,

Nesta ocasión tráiovos dúas propostas interesantes e, ámbalas dúas relacionadas. A primeira delas é realizar un móbil do mar, onde podedes colgarlle todo tipo de elementos mariños (algas, animais, rochas...) para decorar os vosos cuartos e imaxinar que explorades o fondo mariño gracias a el.

Por outra banda, a outra proposta que hoxe vos traio, é a creación dun cazasoños que vos leve a somerxervos nun soño mariño durante a noite.

MÓBIL MARIÑO

- **Elementos que precisades para a súa elaboración:**
 - Un pau ou unha barra metálica/ plástica ou similar, sobre o que suxeitar o móbil.
 - Elementos mariños realizados con material que queirades (papel, cartón, cartolina, tea...), os cales deberáselle facer logo un buraco polo que logo se lle pasará o fío para atalos.
 - Fío/ tanza/ la/ cordel ou similar, para atar os elementos mariños ao pau.

Os elementos que lle poñades ao voso móbil poden estar todos a mesma altura, a diferentes alturas ou mesmo atar varios no mesmo fío, podedes deseñalo como máis vos guste. Lembrade atarlle un cordel na parte de arriba, para que poidades colgar o voso móbil.

A continuación déixovos algúns modelos para que vos inspiredes para a realización do voso.



CAZASOÑOS MARIÑO

- **Elementos que precisades para a súa elaboración:**
 - Un prato de cartón ou plástico.
 - La/ fío ou similar.
 - Elementos mariños para decorar.

Para elaborar o cazasoños debedes comezar recortando o centro do prato. A continuación, realizaremos uns buracos ao arredor, que será por onde iremos cosendo o noso cazasoños, sempre indo dunha esquina a outra coa la, facendo coma un zigzag.



Despois enganchamos os elementos decorativos que nos gusten na parte de abaixo, onde previamente lle teremos feito uns buracos para poder atalos. Lémbraos tamén de atarlle un cordel na parte de enriba, para poder colgar o cazasoños.



Para que vos inspiredes nas vosas creacións, aquí vos van algunhas ideas.

